

VIERNES, 18 de abril de 2008

REPORTAJE:REVISTAS LITERARIAS | LUCES

## O lugar das voces emerxentes

DANIEL SALGADO | 18 ABR 2008

Archivado en: [Comunicación](#) [Prensa cultural](#) [Prensa](#) [Medios comunicación](#)

Na opinión da crítica, as publicacións periódicas deberían delimitar os espazos nos que agroma o novo, o marxinal, a vangarda. A hexemonía electrónica e a perda de terreo do papel aínda non laminou o cometido das revistas literarias

Este mércores presentouse na facultade de Filoloxía o número 31 da revista *Dorna*. Subtitulada *Expresión poética galega*, é practicamente a última representante dunha raza, a dicir da profesora Dolores Vilavedra, en extinción: as publicacións periódicas dedicadas á literatura. No campo literario apenas operan xa a lucense *Xístral* e a recuperada *Os ólisbos*. E, con todo, as voces críticas continúan a demandar a existencia dese espazo como lugar para a emerxencia de escritas alternativas, para o debate teórico ou mesmo para solidificar tendencias. "Na actualidade faltan canais non adscritos ao académico ou ao oficial", sinala o crítico Isaac Lourido, "que poidan dar voz a formas críticas, ás alternativas".

"As revistas deben comunicar entre si aos escritores", di Carlos Lema

Para Isaac Lourido, "faltan canais que dean espazo a voces alternativas"

*Dorna* naceu no ano 1981 e, xa dende o segundo número, vinculouse á Universidade de Santiago de Compostela. So a dirección do académico Ramón Lourenzo, os filólogos Lorena Souto, David Pérez e Mario Regueira, canda o profesor Xosé Manuel Salgado, asumiron os labores dun consello de redacción no que antes figuraran Henrique Monteagudo ou Luís González Tosar. "Nós queremos que a revista continúe a desenvolver o mesmo papel que até agora", corrobora Lorena Souto, "funcionar como plataforma para a xente que comeza a escribir, co valor que dá, ademais, ir acompañado de xente cunha traxectoria consolidada". Neste último *Dorna*, aparecen textos de Chus Pato, Anxo Angueira ou María do Cebreiro canda autoras inéditas en libro: Lía Santiso, Xoana Fernández Monterrei ou Ángela Tajés. "Queremos ofrecer un panorama do que emerxe", asegura Souto.

"*Xístral* trata de acoller sen exclusións a todos os poetas maduros ou noveis, consagrados ou descoñecidos, vinculados á provincia de Lugo". Así define o poeta Claudio Rodríguez Fer a revista *Xístral*, financiada polo Concello de Lugo, da que fai parte a través do consello de redacción. "Pero non pretendemos forzar ningunha identidade colectiva artificial", asegura, "senón levar adiante un importante medio para que se dean a coñecer autores inéditos ou de produción incipiente". A procedencia histórica da cabeceira, unha idea de Luís Pimentel materializada postumamente por Manuel María e Ángel Johan no Lugo da posguerra, reciclouse nunha iniciativa que non establece máis criterio que o xeográfico para recoller obra. Pero nin *Dorna* nin *Xístral* nin a *Nova Ólisbos* cumpren aquilo que o editor Carlos Lema procura nunha revista literaria. "É importante que existan as revistas pero, antes que para dar a coñecer novas propostas, deberían comunicar entre si os membros dun campo literario, contribuír a solidificar tendencias", di.

Lema acóllese ás teses de Pierre Bourdieu sobre socioloxía da literatura: "As publicacións

terían que funcionar como voceiros de sectores para que aumente a dinámica do campo literario, o intercambio de reflexións". Carlos Lema, que en poucos meses publicará o seu primeiro libro de poemas, *O xeito de Freud*, reclama atención para dous proxectos en activo, *Amastra-n-gallar* e a *Revista das Letras*, que sae semanalmente co xornal *Galicia Hoxe*. Detrás de *Amastra-n-gallar* atópase a man de Emilio Araújo, quen factura o máis semellante a unha "revista de tendencia" das operativas na literatura galega, pero centrada na poesía de raizame mallarmiá e con colaboradores en toda Europa. "A *Revista das Letras* si que pode servir máis como detector de novas voces", afirma Lema.

O crítico Isaac Lourido dexerga a posición das revistas literarias dunha perspectiva pouco compracente. "O académico e o oficial dan en confundirse no sistema", apunta, "no que parece que hai que se situar a prol dun suposto proceso de normalización plano, sen arestas, que desemboca na celebración permanente e que se dedica a agochar a súa propia precariedade". Para Lourido, as revistas "poderían evitar" certas inercias e asumir "os outros discursos sociais, non só os artísticos, senón tamén políticos". "Cómpre non caer na mistificación da literatura, abandonar a idea simplista da literatura como máxima expresión da cultura galega e, por extensión, de toda Galicia", asegura.

"Interesáronme moito, en tempos, *O mono da tinta* [que dirixía o arestora profesor universitario Carlos Quiroga] ou *Animal*, pero no mundo das revistas, o dixital rematará por imporse. Estamos nese intre, no canto do cisne". Esta visión de fin de ciclo pertence á profesora e crítica Dolores Vilavedra, quen, malia a todo, recoñece a utilidade do medio periódico. "Trátase dun soporte menos canónico que o libro, unha correa de transmisión entre o novo e o gran público", considera. "No ideal, as revistas estarían condenadas a unha certa precariedade, inherente ás marxes do sistema literario e cultural, pero case desexábel, dalgún xeito. Un vencello máis formal coa institución pode aniquilar o seu espírito alternativo".

A cuestión ciberespacial, porén, é desmitificada por Lourido. "Internet non resulta bo por si mesmo", argumenta, antes de se remitir ao teórico da Rede holandés Geert Lovink. "Lovink denuncia o impulso nihilista dos *blogs*, o seu egocentrismo, as comunidades pechadas e escaseza de acción colectiva", e engade ao seu escepticismo unha apreciación sobre o país: "O índice de penetración electrónica en Galiza aínda é baixo, existe un atraso tecnolóxico que, parece, non rematamos de asumir". Carlos Lema opina que o formato *blog* non favorece a comunicación colectiva, apenas a individual. Do consello de redacción de *Dorna*, Lorena Souto admite que "hai experiencias electrónicas que non se poderán adaptar a Internet. Mais o papel non vai desaparecer, segue a ser o punto de referencia".

## Alén da literatura

"A poesía tamén debe estar presente nas revistas non estritamente literarias", considera Rodríguez Fer, quen promove, **nesa dirección**, *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*.

Fernando Vilaboa dirixe, dende 2005, *O ollo público*. "A nosa intención é convidar a que a xente lea, que vaia ao cinema e ao teatro", afirma. Fotografía, pintura, tradución literaria e achegas literarias de Manuel Veiga ou Marga Romero encheron as páxinas dos 22 números da publicación. "Hai que comezar a casa por abaixo, e non polo tellado: crear unha base para que poida haber unha industria cultural".

A sección de creación de *Grial* ou *A Trabe de Ouro* son espazos para a literatura en iniciativas que exceden o carácter restrito. O *Boletín Galego de Literatura*, da facultade de Filoloxía compostelá, ou *Agália* abren lugar, no medio de ensaio e a

investigación, para poemas ou prosas breves inéditas. Na *Revista Galega de Teatro* tamén acollen pequenas pezas dramáticas e publican caderniños.